

**Resolución da Axencia Galega de Innovación, do 21 de abril de 2020, pola que se acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes ás axudas para a creación e posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación, convocadas pola Resolucions do 31 de decembro de 2019 (DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2020), códigos de procedemento IN 853A e IN853B, respectivamente.**

As resolucions do 31 de decembro de 2019 (DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2020) establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación e posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación, aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na Estratexia RIS3 de Galicia, cofinanciadas polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedementos IN853A e IN853B).

Conforme ao establecido no artigo 7 das citadas bases reguladoras o prazo de presentación de solicitudes remataba o pasado 20 de marzo.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aplicable a todos os procedementos, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo no apartado 3, do mesmo, establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución



estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade.

As axudas convocadas polas resolucións do 31 de decembro de 2019, están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, polo que conforme ao establecido no artigo 4 das correspondentes bases reguladoras, as actuacións financiadas deben cumprir os requisitos do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, pola que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014), relativos ao efecto incentivador; este cúmprese se a solicitude da axuda se presenta antes do inicio da actividade.

Por resolución do 27 de marzo de 2020 acordouse manter a operatividade dos formularios normalizados de solicitude na sede electrónica da Xunta de Galicia ata o 24 de abril de 2020. Tendo en conta que a situación de alarma sigue vixente actualmente, considerase oportuno prolongar a dita operatividade por un novo período.

Polo que antecede e con fin de que os posibles interesados en participar nas citadas convocatorias de axudas e que tivesen previsto comezar coas actividades de creación, posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación de forma inmediata poidan cumprir co requisito do efecto incentivador previsto nas citadas bases reguladoras,



## RESOLVO:

Primeiro.- Manter operativos os formularios normalizados de solicitude correspondentes aos procedementos seguintes:

- IN853A Axudas para a creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación
- IN853BB Axudas para a consolidación de unidades mixtas de investigación

permitindo que os interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata o 15 de maio de 2020, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos destes procedementos reanudarase no momento en que este decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas perdan vixencia.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

A directora de GAIN

Patricia Argerey Vilar

